

1º CONGRESO DE ESCRITORES
A Coruña. 29-30 novembro
Agustín Fernández Paz

Unha aclaración previa.

A petición que me fixeron as persoas organizadoras deste encontro foi a de reflexionar sobre "cómo a miña opción lingüística, o galego, condiciona o meu proxecto literario", co engadido adicional de que debería expoñelo en media hora. En canto me puxen a ordenar os temas e as ideas que me parecía necesario tratar, decateime de que era inútil calquera pretensión totalizadora. A reflexión que se me pide ten múltiples facetas, así que, deixándome levar pola subxectividade, só me centrarei nalgunhas das que máis me preocupan neste momento.

Deixo fóra, deliberadamente, cuestións que tamén teñen moito interese (as especificidades da literatura infantil e os condicionantes, máis formais que temáticos, que leva aparellados; a curta historia da literatura infantil en Galicia e o abano de tendencias que se poden detectar hoxe nela; a súa evidente consolidación editorial e o papel que ocupa dentro do sistema literario), pero que xa foron tratadas en ben ocasións e sobre as que hai publicados un significativo número de traballos. Eu mesmo, nos meus *Os libros infantís galegos* (Xunta de Galicia, 1989) e *A literatura infantil e xuvenil en galego* (Xerais, 1999) tentei explicar polo miúdo a miña visión sobre estes aspectos.

Un escritor de literatura infantil e xuvenil

A primeira faceta refírese á especificidade de ser un escritor que orienta principalmente o seu traballo ao que, para entendérmonos, chamamos o eido da literatura infantil e xuvenil.

Non vou entrar aquí na polémica sobre se existe ou non unha literatura infantil e xuvenil diferenciada. É un tema que motivou moitas reflexións, sobre el xa se escribiu o suficiente para deixar claros os

argumentos das dúas tendencias. Tan só me gustaría puntualizar que, na miña opinión, quizais a polémica é menor do que parece, sobre todo se aceptamos a idea que tan ben soubo sintetizar o escritor catalán Joles Sennell cando dixo que "literatura infantil é aquela que *tamén* poden ler os nenos".

En todo caso, máis alá de discusións teóricas, hai un feito empírico incuestionable: a existencia dun bo número de libros que calquera de nós adscribiríamos sen dubidar ao eido da literatura infantil. Non están tan claras as cousas na chamada literatura xuvenil, porque ese si que é un terreo fronteirizo onde hai ben títulos susceptibles dunha adscripción a el ou, sinxelamente, ao da literatura que, para entendérmonos, chamaremos "de adultos". Se algúns dos meus libros -coma tal, *Aire negro* ou *Amor dos quince anos, Marilyn-*, se publicasen nunha colección dirixida ao lector adulto, estou seguro de que se integrarían sen problema ningún. O cal tería vantaxes: entrarían nas recensións críticas anuais, figurarían nos diversos panoramas narrativos que se fixesen, etc. Claro que tamén terían inconvenientes, para min moi serios, como tentarei explicar.

Cando Manuel Bragado me falaba da posibilidade de publicar *Aire negro* na colección de adultos que ten Xerais e eu, tras pensalo, a desbotaba, non me estaba deixando levar por unha arroutada. Quizais estea equivocado, pero unha decisión así responde á postura que manteño sobre esta cuestión. Publicándoa onde apareceu, nunha colección xuvenil, chego a un sector dos lectores que me interesa moito, a mocidade; e, se non existisen os prexuizos que hai, non tería que ter ningún problema en chegar aos lectores adultos a quen tamén vai dirixida a novela. Uns prexuizos que quizais tivesen maior xustificación no mundo da edición en castelán, xa que nel aparecen máis marcadas as fronteiras da literatura xuvenil, tanto temáticas como formais; pero non entendo que existan en Galicia, onde, en coleccións xuvenís, ademais dos clásicos da novela de aventuras (Salgari, Stevenson, Wells, Verne, etc.) temos libros como *De ratos e homes* de Steimbeck, *O vixía no centeo* de Salinger, *A metamorfose* de Kafka, *Outra volta á torniqueta*

de Henry James, *Baixo as rodas* e *Siddharta* de Hermann Hesse, *O pai dun asasino* de Alfred Andersch... Libros que os mozos non lerían se non estivesen nesa canle, pero que así len con naturalidade, como podo dar testemuña. E que, espero, non estean a perder os adultos só polo prexuízo de que aparecen publicados en coleccións xuvenís.

Eu, cando escribo, quero situarme nesa mentalidade e nesa estirpe. É dicir, síntome moi lonxe do concepto de literatura xuvenil como literatura menor. Non escribo os meus libros porque non saiba facer outro tipo de textos, nin creo que a literatura infantil-xuvenil sexa un banzo para poder pasar logo a outro banzo superior. Estou empeñado nunha loita explícita pola dignificación desta literatura. Unha loita lenta, pero que nos últimos anos xa ten dado os seus froitos, pois eu percibo cambios na ollada social. O artigo "Contra a invisibilidade", que presentei no Simposio anual da Fundación Germán Sánchez Ruipérez en 1995, onde denunciaba a invisibilidade social á que estaba sometida a literatura infantil (unha invisibilidade dobre, pois había que sumarlle a da lingua) hoxe tería que escribilo doutro xeito, con abondosas notas a pé de páxina que matizasen o que alí dicía.

Claro que todo isto non terá sentido para as persoas que me teñen comentado que algúns dos meus libros non deberan ter aparecido onde o fixeron. "Non son libros xuvenís", dinme. Porque cando se ten unha visión estereotipada do sector é doado establecer un razoamento equivocado: 1) a literatura xuvenil é simple e carente de valor. 2) este libro que veño de ler non o é. 3) Por tanto, este libro non se debe adscribir á literatura xuvenil.

¿Cal é razón de que, aínda hoxe, haxa persoas no mundo da cultura que razoen deste xeito? Os prexuízos non nacen do aire, como sabemos, sempre teñen unha certa base real. ¿Onde está, neste caso? Eu creo que se debe, ademais da minusvaloración de todo o que vaia adxectivado como infantil, a que, de entre toda a produción anual, só unha presadiña de libros teñen unha calidade digna de terse en conta. No deseño editorial da literatura infantil-xuvenil existen unha serie de coleccións que necesitan nutrirse cada ano dun certo número de títulos.

E aí entra todo, o bo e o menos bo. E hai unha apreciable porcentaxe de libros estereotipados e superficiais, que parecen feitos seguindo un patrón. Xusto o mesmo que pasa co cine, onde as poucas películas de auténtico interese que nos chegan (porque moitas xa nin chegan, cando menos a Vigo) se ven afogadas pola enxurrada de produtos carentes de valor. O que ocorre é que, no caso do cine, todos sabemos distinguir entre unha cousa e outra, e non descualificamos o medio pola falta de calidade de tantas películas.

Por iso na literatura infantil-xuvenil precisamos unha crítica que separe o bo do malo, que cuestione os textos que o merezan, que saliente a apertura de novos camiños, que sinale os títulos que pagan a pena ¿Ou é que estamos condenados a ler recensións que destilan baba e mexericadas, como se escribir para os lectores novos levase implícita a sospeita de sermos imbéciles ou pederastas? Por exemplo, agora vén o Nadal, un tempo terrible. Xunto coa do verán, son as datas nas que nos xornais e revistas aparece a clásica reportaxe sobre as novidades infantís. E, as máis das veces, alí preséntase todo mesturado, desde un texto que destila xarope sentimentaloides ata o libro no que o escritor tentou dar o mellor de si. Todo revolto, entre adxectivos como *tenro*, *entrañable*, *lúdico*, *divertido* e outros semellantes. O texto espantoso, que non se sostén por ningún lado, recibe o mesmo tratamento que os creados tras horas e horas de dedicación. Por non falar de se a algún famoso se lle ocorre escribir un libro para nenos, pois dá a impresión de que para iso vale calquera, só chega con lembrar "el niño que todos llevamos dentro", que será a frase estrela da entrevista a toda páxina que lle farán os xornais. Se a todo isto se lle engade ademais a lección dos que cren que non existe vida máis alá de Harry Potter e da novidade anglosaxona que cada ano toque promover, queda completado o panorama.

¿Cal sería, xa que logo, o criterio de calidade nun libro infantil? Eu teño unha boa vara de medir, que é tamén a que emprego como lector: se un libro meu non o pode ler un adulto con interese, é que fracasei, seguro. Porque, como xa dixen ao primeiro e reitero agora, confiando en

que, aínda que sexa de vagariño, a idea se expanda, literatura infantil é aquela que *tamén* poden ler os nenos.

Un escritor periférico.

Así me chaman, así nos chaman ás veces, mesmo desde dentro deste país noso: un escritor periférico. ¿Periférico de que? Eu collo o globo terráqueo, o que estaba no cuarto da miña filla cando era pequena, xíroo ata colocar Galicia fronte a min, e vexo que nós tamén somos o centro do mundo. "A Coruña fita as brétemas de Irlanda, / Vigo os rañaceos de New York", escribiu Vicente Risco xa hai ben anos. Vivo nesta Fisterra de Europa, pero non son periférico. Cando escribo no meu cuarto, só hai unha verdade: o centro do mundo está encol da miña mesa, o meridiano cero pasa pola cadeira onde estou sentado. E todo o demais, de Londres a Madrid, de Tokío a New York, non é outra cousa que unha inmensa periferia.

Outra cousa ben distinta é o que ocorre unha vez rematada a miña obra. Eu, como calquera creador, tento que, expandíndose en círculos concéntricos, os meus textos cheguen todo o lonxe que a súa calidade llo permita. Busco os lectores do meu país, en primeiro lugar, eles son o interlocutor privilexiado; pero logo busco tamén aos desa periferia mundial. E aí, nas dificultades que atopo para chegar a uns e a outros, é onde comprobo que si que estou na periferia.

Nótoo, por exemplo, cando entro na maioría das librerías que hai na miña cidade e contemplo as mesas cos libros estendidos, ofrecendo tentadores as súas portadas. Libros coñecidos, case sempre en castelán, anunciados en EL PAIS ou nos outros medios de comunicación de Madrid que penetran imparables nas nosas casas. Pero se quero ver as portadas dos libros galegos terei que buscar o recuncho, a periferia á que están relegados. E terei que ler os títulos nos lombos, porque a penas hai espazo para ofrecer as portadas dos libros que escribimos. Noto que estou na periferia no tratamento dos medios de comunicación, aínda que vaia

habendo excepcións; nótoo ata en cousas tan mínimas como a listaxe de libros máis vendidos, que no caso do galego sempre rematan no cuarto ou quinto título, como se non houberse máis libros para encher e relación (que non debe de haber, porque en castelán a abundancia é tal que mesmo dá para distinguir entre "Ficción" e "Non ficción", mentres que os nosos andan todos amoreados nunha breve lista).

Pero tamén noto que son periferia cando quero transcender o meu ámbito lingüístico (e isto dígo eu, que xa conseguín vencer os atrancos para a tradución ás outras linguas do Estado, con ben traballo, por certo). Sinto que nos faltan canles eficaces, industrias culturais que saiban moverse polo mundo e, nun intercambio enriquecedor, levar os nosos textos, se teñen calidade, a todos os recunchos do planeta. Se outros países o souberon facer, é evidente que tamén podería estar ao noso alcance.

Non podemos esquecer esta realidade, se queremos cambiala: temos unha industria cultural feble, nun país atravesado por un profundo drama cultural e lingüístico, cunha poboación cun baixo poder adquisitivo. Un país, desde unha perspectiva social e política, situado na periferia do sistema, como a realidade se encarga de demostrarnos a diario. Só recoñecéndoos seremos capaces de superar os atrancos, sempre que haxa os cambios políticos e sociais que nos permitan intentalo. Porque o camiño xa está claro. Freixanes, Rivas e outra xente téñeno explicado en múltiples traballos. Trátase de chantar ben os pés na nosa realidade e, coas raíces na terra, abrírnos a todos os ventos culturais do mundo. Porque de aquí poden saír creacións que se lean, ou se vexan, ou se escoiten por toda a periferia mundial. A cultura galega, célula de universalidade. Nese sentido, os homes da Xeración Nós xa faláron por todos e para sempre; deixáronnos sinalado o camiño, aínda sen saberen nada de aldeas globais e arañeiras mundiais.

Un escritor localista.

Nunca se me ocorrería falar sobre esta faceta, inexistente no meu pensamento, se non fose porque cómpre responder a un certo retrato robot que se fai de nós, non principalmente desde fóra, senón desde determinados ámbitos do noso país que traballan para asimilarnos, obsesionados por borrar os rastros, os sinais de identidade da cultura que nos fai únicos e irrepitibles no contexto mundial.

De acordo con ese retrato robot, os que escribimos nunha lingua minorizada, ou, máis directamente, os que temos como nosas a lingua e cultura desta vella nación que é Galicia, somos unhas persoas incapaces de mirar máis alá do Telón de Grelos (e sempre baixo a sospeita de que escribimos en galego porque noutra lingua as nosas posibilidades de editar serían escasas). Uns localistas que parecemos alleos á pluralidade de manifestacións culturais que hai no mundo, refractarios á ollada cosmopolita, empeñados como estamos en pecharnos en nós mesmos. Tanto ten que a realidade, teimuda, desminta este falso clixé unha e outra vez, desde a xeración Nós deica a actualidade, onde, se algo nos distingue aos que escribimos, é o interese por coñecer todo o relevante que se estea a facer en calquera país do mundo. Por iso acudo a dúas citas foráneas e nada sospeitosas. Octavio Paz escribiu que "se puede ser universal en una aldea de los Andes, se puede ser provinciano en el centro de Nueva York". E o italiano Leonardo Sciascia lembrou que "só quen sabe contar ben os problemas da súa aldea pode pretender ser un escritor universal".

Porque, ¿que é Macondo, senón unha aldea perdida de Colombia? ¿E que son os lugares onde os personaxes de Faulkner viven as súas traxedias, senón aldeas de Yoknapatawpha, ese mítico condado do sur que el inventou? A miña novela *Aire negro* pasa, deliberadamente, en Lanzós, unha aldea cativa da Terra Chá, pero iso non lles impide aos lectores doutras linguas gozar do libro. E *Noite de voraces sombras*, a miña última novela, está ambientada na Galicia de hoxe e na Galicia da guerra e da posguerra. Pero podería estalo en Bosnia, en Afganistán, no Chile de Pinochet ou na Arxentina de Videla. Unha historia só pode aspirar a ter alcance universal se está encarnada nunha realidade

concreta. A dificultade, claro, está en conseguir universalizar ese contexto particular, velaí a tarefa dos que escribimos, porque teño ben claro que só se pode ser universal desde as propias raíces. Son local para ser universal, velaí a miña resposta a ese falso retrato robot que fan de nós.

Un escritor nunha lingua minorizada (ou, o que é o mesmo, nunha lingua ameazada).

Esta é a faceta esencial, e por iso a deixei para o remate. Estes días, os galegos e galegas sentímonos abafados pola marea negra derivada da catástrofe do *Prestige*, o barco que, coma un símbolo, garda aínda no seu ventre a carga que pode facer que o desastre continúe estendéndose durante anos e anos por toda a beiramar.

Pero este enorme drama ten que servirnos para ver que tamén hai outro *Prestige* letal embarrancado desde hai ben anos no corazón do noso país. Aí está, lonxe da superficie, soltando cada día a súa carga de fuel, de xeito silencioso, entre a indiferenza da xente e o refregar de mans dunha boa parte dos poderes fácticos que controlan a nosa sociedade. Aí está, traballando con paciencia histórica para que, de vagar, as novas xeracións abandonen a lingua e a cultura do país. Con ben éxito, cando menos deica hoxe.

E digo isto porque, para min, a situación social da lingua (e, con ela, o esvaecer da cultura propia) é algo máis que un problema sociolingüístico; é unha das miñas preocupacións vitais, que se manifesta tamén de xeito explícito na creación, pois xa lle llevo dedicados catro dos meus últimos libros: *O centro do labirinto*, *As fadas verdes*, *Aire negro* e *No corazón do bosque*. Un problema do que hai que falar un día e mais outro, con insistencia teimuda, con argumentos actualizados decote, se non queremos ser cómplices dos que traballan contra ela, de xeito tan persistente coma a nosa resistencia.

A que estamos utilizado aquí é, como ben sabemos, unha lingua que entende a práctica totalidade da poboación, a lingua habitual dunha gran maioría dela, pero que ten unha presenza social moito menor da que lle correspondería, e que mesmo parece estar proscrita de certos ámbitos e funcións. O galego é, en certo sentido, unha lingua oculta. Esta invisibilidade social da lingua (é dicir, a súa situación minorizada: sendo maioritaria, parece que non o é) é un fenómeno que, con maior ou menor intensidade, se estende por todo o territorio de Galicia, aínda que acada proporcións preocupantes nalgúns ámbitos urbanos. Aquí, na Coruña, pero tamén en Vigo, se nos puxesen diante un plano da cidade poderíamos trazar sobre el esa liña invisible que delimita a zona onde falar galego se vive como unha transgresión social, esa fronteira que sinala o espazo onde reina a invisibilidade.

¿Por que se dá este ocultamento? Pois, principalmente, porque o galego aínda aparece unido a un amplo abano de prexuizos e estereotipos (ruralismo, atraso, illamento, folclorismo, etc.), que o fan xa non só escasamente atractivo, senón mesmo rexeitable para unha parte da poboación. Estes prexuizos están moito menos presentes entre a mocidade, que non viviu a etapa de marxinação social explícita do galego; hoxe, un dos trazos máis orixinais, só aparentemente paradoxal, é o feito de que entre a mocidade se dan as porcentaxes de uso máis baixas, pero tamén as actitudes máis positivas.

O exemplo máis rechamante son os medios de comunicación, o espello onde nos miramos a diario, onde a invisibilidade do galego é clamorosa, un feito que tamén nos alcanza a nós. Eu sempre digo que é un milagre que os nosos lectores non nos boten en cara o que parece unha forma de esquizofrenia. Porque publicas un libro novo e fanche, con sorte, algunha entrevista nos xornais; e non é nada raro que, malia que a conversa se desenvolva en galego, a entrevista apareza finalmente en castelán. Os lectores deberan indignarse ante esa imaxe distorsionada, ese esperpento. Non se alporizan porque quizais xa nin reparan no feito, acostumados como están a que os periódicos do país permanezan de costas á lingua.

Esta presión sobre o idioma xa ten dado os seus froitos, pois obsérvase, sobre todo nas cidades, unha tendencia á diminución do número de persoas galego falantes, moito máis acusada na infancia e na adolescencia. Velaí o ámbito familiar, onde unha significativa porcentaxe de pais e nais que teñen o galego como lingua habitual non o empregan para falaren cos seus fillos, pola errónea crenza de que estes terán máis oportunidades de progresar socialmente se se desenvolven en castelán. Ou velaí os pais que o intentan, pero que, coma novos Sísifos, teñen que loitar cada día contra un ámbito social que ve como "raro" e intolerable que un neno se exprese en galego. Hoxe córrese o perigo de que se perda a natural transmisión interxeracional da lingua (de avós a pais, de pais a fillos), e os nenos e nenas acaben identificándoa como unha lingua de vellos. Unha lingua allea a eles, que serán os adultos deste século novo. Ou, todo o máis, unha segunda lingua. É así, e non podo esquecerlo, porque eles son os primeiros destinatarios dos meus textos.

Estou vendo agora unha das miñas alumnas de 4º da ESO deste ano. Dime, nun texto inicial no que lles pedín que me contasen cómo crían que era a súa competencia na lingua, que só ten problemas á hora de falar, que lle custa moitísimo, porque está afeita a usar o castelán. Pero eu coñezo a seus pais, galego falantes sen fendas, e podo imaxinar, porque sei doutros casos, como foron vivindo este drama lingüístico que os que nos mandan de verdade queren facernos pasar como "natural", cando só responde a unha violencia planificada. A lingua familiar, a lingua da casa, esmagada día a día polo sistema educativo. E estou vendo outra alumna, que me di que ela nunca leu libros en galego, que no colexio do que vén non lían nada en galego, confirmándome así, unha vez máis, o que xa sabía por outras testemuñas semellantes: que hai centros onde a lingua do país só ocupa un lugar marxinal e periférico. Claro que tamén hai respostas como a dunha alumna das novas deste ano, castelán falante, que me di que "os libros que máis leo son en galego, xa que os que máis me gustaron estaban escritos nesta lingua, entón sigo a ler en galego case sempre. A razón é que en galego as palabras soan distinto que en castelán, soan máis agradables".

Experiencias coma a desta rapaza son as que explican o paradoxo de que moitos dos lectores que nos len, e non falo agora dos que o fan como unha obriga escolar, sexan castelán falantes. É a literatura infantil e xuvenil como ferramenta normalizadora, unha función que exerce aínda sen pretendelo explicitamente. Como tamén ten a de ser alfabetizadora de adultos, pois son moitos os pais e nais que che contan que leron os primeiros libros en galego da súa vida grazas aos que ían traendo os fillos para a casa. A transmisión da lectura de fillos a pais, velaí outro dos paradoxos cos que me teño atopado con frecuencia.

Todo isto, claro, lévame a falar do ámbito educativo, un dos lugares onde se desenvolve a batalla pola normalización ou polo afogamento da lingua, segundo as forzas que predominen. Non entrarei aquí nun tema que hoxe só está como pano de fondo nesta reunión, pero si darei algunhas breves pinceladas: Un amplo sector do profesorado ignorante do problema ou belixerante. Unhas leis lingüísticas que se incumpren nunha significativa porcentaxe de centros, coma se estas leis fosen de adorno. Unha situación que leva a que se fale de “la imposición del gallego” (“El gallego obligatorio es una imposición fascista”, dicía unha pintada fronte á Escola de Maxisterio da Coruña) cando, no noso ordenamento legal, a única imposición que hai é a do artigo 3 da Constitución, que sinala o deber de coñecer o castelán.

Como consecuencia disto, temos un amplo sector da infancia e da mocidade que, sobre todo en ámbitos urbanos, está cada vez máis afastada da lingua galega, que só ven como algo que hai que estudar na aula. Son o froito dunha escola que segue a ser desgaleguizadora, dunha sociedade que contempla adormecida a situación. Algo que se agrava no caso dos sectores máis desfavorecidos, para os que o único contacto cos libros está moitas veces na institución escolar.

Esta minorización social da lingua inflúe poderosamente en todos os aspectos relacionados co meu traballo: na escritura, na edición dos meus libros e nas canles de distribución e recepción e, por último, na lectura. Isto foi moito máis evidente en décadas anteriores, xa que na actualidade hai outros factores positivos que exercen unha función compensadora,

pero aínda insuficiente. Remítome, para estas cuestións, sobre as que tamén eu teño reflexionado no meu *A literatura infantil e xuvenil en galego*, a ese libro inesquecible que é *Diglosia e Texto* (Xerais, 1988), de Antón Figueroa.

Non é fácil que isto mude, porque o libro en galego encóntrase en clara desvantaxe. Non só porque a súa presenza nas familias e nas escolas é menor, senón porque, en moitos ámbitos da sociedade, como dixen antes, atópase na mesma situación que os vampiros fronte aos espellos: a da invisibilidade. Por iso é necesario un esforzo institucional que nos faga visibles. Por iso os nosos medios non poden agardar a que se nos recoñeza en Madrid para tomarnos en serio. Por iso debe darse a coñecer o labor dos creadores, tanto na nosa sociedade como fóra dela. Por iso se botan en falta as actuacións que axuden a contrarrestar os factores que están a impedir o encontro entre os libros en galego e os seus naturais destinatarios. Por iso é imprescindible establecer medidas de actuación positiva orientadas á promoción da lectura en galego. ¿Como é posible, por exemplo, que a única revista que temos orientada ao estudio e difusión da literatura infantil-xuvenil, *Fadamorgana*, sobreviva malamente e non teña as subvencións que se conceden con xenerosidade a outros produtos sen interese?

Do mesmo xeito que a desfeita do *Prestige* non é un fenómeno natural, como podería selo un terremoto, senón que ten causas e culpables ben doados de atopar, tampouco o é o esmorecemento da lingua entre as novas xeracións. As agresións son tan cotiás, tan comúns, que xa nin reparamos nelas e tomámolas coma se pertencesen á orde natural das cousas. Pero, ¿pertence a esa orde natural que uns pais teñen que temer a entrada dos seus fillos na escola porque saben que a agresión á lingua familiar vai ser constante e sistemática e, en moitos casos, vai conseguir o seu abandono? ¿E tamén é natural que o Decreto de 1995 que regula a utilización das linguas no ensino estea a incumprirse nunha ampla porcentaxe dos centros, sobre todo en ámbitos urbanos? ¿Sabedes que en Vigo non hai nin unha aula, nin unha, que teña o galego como lingua de uso habitual? ¿E que son moi poucas as aulas de Infantil que están a

cumprir a lexislación? Hai xa algún tempo, Xosé Manuel González Barreiro, "Oli", autor de literatura infantil e magnífico contacontos, relatábame o que lle aconteceu nunha aula de educación infantil nun colexio de Vigo; un feito que consideraba sintomático, porque a súa experiencia é longa e nunca tal lle ocorrera. No medio da narración que lles estaba a contar, un neno ergueu a man e preguntou: "¿que es *can*?" E, un pouco despois, outra man erguíase para unha pregunta semellante: "¿que es *pau*?". Unha anécdota que nos fai reflexionar sobre os elos xa rotos na cadea, sobre a fenda que se pode abrir se non reaccionamos.

Esta é a sociedade na que escribimos e publicamos. Unha sociedade na que a lingua é agredida día tras día, en tantos ámbitos. Como xa vou tendo ben de anos e teño memoria, podo certificar a evolución dos que desexarían que o galego acabase reducido a un residuo folclórico. Cando, nos primeiros anos de democracia, reclamabamos a normalización social da lingua e, entre outras razóns, aduciamos a de que era a lingua maioritaria, dicíase nos que non podía haber imposicións, que había que convencer, ir a modiño, ter paciencia... Hoxe, cando por mor da política de asimilación lingüística xa están conseguindo que nas novas xeracións a situación se inverta, comeza a aparecer o argumento que antes se deostaba: son maioría, liamos o outro día no *Faro de Vigo*, resulta ridículo ensinarlles en galego, xa que a súa lingua é o castelán.

Este proceso de castelanización que se está a dar nas novas xeracións (sobre todo nas grandes cidades e nas súas zonas de influencia) podería compararse co avance da Nada, que ía tragando con voracidade o País de Fantasía, en *A historia interminable*. Pero, igual que na novela de Michael Ende, aínda se percibe como posible unha inversión da tendencia. E, a diferenza da novela, aquí non faría falta unha sucesión de heroicidades para conseguila, senón que todo é moito máis doado. Porque, como se ten dito tantas veces, a nosa sociedade (malia as aparencias) aínda está moi asentada nas súas raíces. Chegaría con desactivar as forzas negativas (poderes políticos, económicos, mediáticos) que reforzan día a día o actual estado das cousas. E empregar eses medios materiais e humanos para

amosarlle a esta sociedade o seu rostro verdadeiro, tan múltiple e tan rico, e descubrirlle todas as potencialidades que ten. Deste xeito, as persoas que escribimos poderíamos dedicarnos ao noso traballo sen ter como permanente pano de fondo a preocupación polos problemas sociais da que é a nosa materia prima. Parece unha utopía, pero non o é. E, aínda que o fose, todos sabemos que as utopías hai que sinalas antes se queremos que algún día cheguen a facerse realidade. Soñar as utopías é, tamén, unha das tarefas que desde a literatura infantil e xuvenil estamos a desenvolver desde hai ben anos.

(Publicado en *Grial. Revista Galega de Cultura*. nº 157, xaneiro-marzo 2003. Galaxia, Vigo.